

---

*Anuncio*

**LICITACIÓN**

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 9 de xullo de 2014, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para A CONTRATACIÓN DA SUBSTITUCIÓN DO CLÚSTER DA BASE DE DATOS DO CONCELLO DE LUGO E A MIGRACIÓN Á VERSIÓN 11 DE ORACLE.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

**1.- Entidade adxudicadora.**

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

**2.- Obxecto do contrato.**

a) **Descrición do obxecto:** a subministración dun hardware para afrontar a substitución do sistema de servidores de clúster que provén o acceso do BDs á rede de datos municipal do Concello, así como a realización da migración de versións das bases de datos Oracle actualmente existente.

b) **Prazo de execución:** o prazo de execución deste contrato comprende os seguintes prazos:

1º.- A subministración dos equipos realizarase no prazo máximo de UN MES a contar dende a formalización do contrato.

2º.- A instalación de todo o sistema, coas tarefas e controis identificados no prego de prescripcóns técnicas, nun período non superior a DOS MESES (60 días), contados a partir da subministración dos equipos, aínda que este prazo poderá ser obxecto de redución por parte dos licitadores, sen que poida ser inferior a UN MES (30 días).

**3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.**

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedimiento:** aberto

**4.- Tipo de licitación**

a) **Orzamento máximo do Contrato:** O valor estimado do contrato ascende á cantidade de **78.000 euros**, ó que sumado o 21% de IVE (**16.380 euros**), resulta un presuposto máximo de **94.380 euros**.

**5.- Garantías:**

a) **Provisional:** non se esixe

b) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

**6. Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-86.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

**7.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.**

a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) **Lugar de presentación:**

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos nos pregos.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

**8.- Apertura das ofertas.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

**d) Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

**9.- Outras informacións:** As que se recollen no prego de condicións.

**10.- Gastos dos anuncios:** 148,20 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 16 de xullo de 2014.- A TENENTA ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN, Sonia Méndez García

R. 2895

---

## MEIRA

### *Anuncio*

Aprobada inicialmente no pleno de 15 de xullo de 2014 a modificación Do REGULAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL do Concello de Meira, sométese a información pública por prazo de trinta días, durante os cales os interesados poderán formular as reclamacións ou suxerencias que se estimen oportunas.

En Meira, a 16 de xullo de 2014.- O Alcalde, D. Ramiro Perez Freijo

R. 2896

---

## MONFORTE DE LEMOS

### *Anuncio*

A Corporación en Pleno, en sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño do actual, adoptou o acordo de denominar como **Camiño dos Paxariños** a vía pública que sae do Camiño de Montepando e chega ata a parroquia de Gullade na estrada de Castro Caldelas.

En cumprimento do disposto no artigo 9º da Ordenanza municipal reguladora da denominación e rotulación de vías públicas e numeración de edificios, exponse ao público o expediente de dito acordo por prazo de vinte días, contados a partir do seguinte ao da publicación do presente edicto no boletín oficial da provincia, co obxecto de que poidan presentarse alegacións, obxeccións ou reclamacións por parte das persoas que se consideren interesadas. No caso de non presentarse, o acordo provisional entenderase definitivamente aprobado.

Monforte de Lemos, a 16 de xullo de 2014.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz

R. 2897

---

### *Anuncio*

Neste concello tramítase expediente **Núm. 12/2014, de baixa de oficio no padrón municipal de habitantes a JESÚS ALBERTO DAVILA VALERO**, con último domicilio coñecido neste municipio na **parroquia de MOREDA-CASTRO NÚM. 8** desta cidade.

Intentada a notificación da incoación do expediente, non se pudo efectuar por non poderse localizar á/ao interesada/o.

En cumprimento do disposto na Resolución de 9 de Abril de 1.997, pola que se dictan intrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do Padrón Municipal, e o artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, notifícase que dispón de dez días contados a partir do seguinte ao da aparición deste edicto no boletín oficial da provincia, para manifestar se está de acordo ou non coa baixa e presentar os documentos e probas que estime pertinentes.

Monforte de Lemos, a 16 de xullo de 2014.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz

R. 2898

---